

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

ORDE do 13 de marzo de 2026 pola que se publica a ampliación de crédito da Orde do 29 de decembro de 2025 pola que se modifica parcialmente a Orde do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025 e 2026, e se efectúa a súa segunda convocatoria para os exercicios 2026 e 2027 (código de procedemento TR301K).

A Orde do 8 de xullo de 2025, publicada no DOG núm. 130, do 9 de xullo, estableceu as bases reguladoras que rexerán as convocatorias de subvencións para impartir as accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas (código de procedemento TR301K), para o período 2025-2027.

O seu obxecto é concretar as bases reguladoras e as condicións polas cales se rexerán, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto as convocatorias públicas como a execución das accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, xestionadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través dos seus departamentos territoriais.

Posteriormente, mediante a Orde do 29 de decembro de 2025, publicada no DOG núm. 7, do 13 de xaneiro, modificouse parcialmente a Orde do 8 de xullo de 2025 e realizouse a segunda convocatoria de subvencións para os exercicios 2026 e 2027.

No segundo parágrafo do artigo 4.3, a Orde do 29 de decembro de 2025 establece que se poderá ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Dado o elevado volume de solicitudes presentadas e resoltas, e para os efectos de dar resposta á demanda de formación adaptada ás necesidades das persoas traballadoras desempregadas que permita incrementar a súa empregabilidade, cómpre ampliar, con crédito incorporado, o importe dos créditos destinados á segunda convocatoria de subven-

CVE-DOG: nhmjwvg5-8vs8-kqw7-d049-eo4271zxx124



cións para o financiamento das accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas (código de procedemento TR301K) para o período 2026-2027.

Consecuentemente, con todo o anteriormente exposto, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG núm. 23, do 21 de marzo), reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. *Ampliación de crédito*

Amplíase, ao abeiro do disposto na Orde do 29 de decembro de 2025, o importe total dos créditos destinados á segunda convocatoria de subvencións para o financiamento das accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas (código de procedemento TR301K), para o período 2026-2027, con créditos procedentes dunha incorporación de fondos finalistas, nas contías e nas aplicacións e proxectos que a seguir se relacionan:

Crédito	Aplicación	Importe		Importes totais
		2026	2027	
Inicial	14.03.323A.460.1	1.564.514,00 €	567.000,00 €	2.131.514,00 €
	14.03.323A.471.0	21.088.868,00 €	7.363.000,00 €	28.451.868,00 €
	14.03.323A.481.0	7.346.618,00 €	2.070.000,00 €	9.416.618,00 €
Crédito inicial		30.000.000,00 €	10.000.000,00 €	40.000.000,00 €
Ampliación	14.03.323A.460.1	1.400.000,00 €	-	1.400.000,00 €
	14.03.323A.471.0	15.400.000,00 €	-	15.400.000,00 €
	14.03.323A.481.0	3.200.000,00 €	-	3.200.000,00 €
Ampliación de crédito		20.000.000,00 €	-	20.000.000,00 €
Crédito total (inicial + ampliación)		50.000.000,00 €	10.000.000,00 €	60.000.000,00 €

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día hábil seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2026

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

